

Como podo ler os meus documentos persoais no Avant 3?

O formato dos teus arquivos ten que ser compatible co Avant 3. Os formatos compatibles son:

Formatos de texto: *.pdf, .epub, .html, .txt, .fb2, .rtf, djvu, .chm.*

Formatos de imaxen: *.jpeg, .png, .bmp*

Formatos de audio: *.mp3*

Outros formatos: *.zip, .rar*

Arquivos con DRM: *.pdf, .epub*

Se o formato dos teu arquivo non é compatible, terás que usar un software conversor de formatos para compatibilizalo. (por ex. o programa Calibre ou o Sigil, ou o conversor en liña www.epub2go.com)

Responsabilidades

-Cando colles un lector de libro electrónico en préstamo, ti es o único responsable do seu uso. Coidao ben, tendo especial coidado coa pantalla, e avísanos se notas calquera desperfeto no aparato ou fallos de funcionamento.

-Tamén es o responsable do uso que fagas dos contidos cargados no lector electrónico. Os libros non poden copiarse, modificarse, prestarse a outros... Respecta a Lei e os dereitos de propiedade intelectual.

-Non modifiques a configuración do aparato.

Incumprimento das normas

Se non respectas as normas establecidas para o préstamo de lectores electrónicos teremos que sancionarte en función da gravidade da infracción:

-Por retraso na devolución do dispositivo:
Suspensión do servizo de préstamo que afectará tanto ao préstamo de lectores electrónicos como doutros obxectos e documentos da Biblioteca, e poderá ser temporal ou indefinida.
1 día de sanción por cada día de retraso.

-Por roubo, destrución ou deterioro irreparable do dispositivo ou da súa configuración, o usuario deberá repoñer o lector electrónico con outro de similares características, cuxo valor aproximado acordarase coa Biblioteca, ou, no seu caso, a reparación do dano causado. Mentres non se leve a cabo a reposición, o usuario estará suspendido do servizo de préstamo de calquera material.

Unha vez entregado o lector electrónico reconfigúrase e restáurase ao estado inicial, iso supón a eliminación do historial de lecturas, posibles descargas que non foran eliminadas polo usuario, infeccións por virus ou posibles modificacións na configuración do sistema. Así mantense a privacidade entre os distintos usuarios e usuarias do servizo que fixeron uso do aparato e permítense ter sempre en perfectas condicións de uso o dispositivo lector.

Servizo de Préstamo de Lectores de libros electrónicos

Biblioteca Pública de Lugo

Avda Ramón Ferreiro, 23
27002 Lugo

Tlf. 982 82 83 27

Fax 982 22 83 37

biblio.publica.lugo@xunta.es

<http://bibliotecas.xunta.gal/lugo>

Que teño que facer para levar un lector electrónico en préstamo?

-Ser socio da Biblioteca, maior de idade, e non ter préstamos sobrepasados ou sancións.

-Traer o carné da Biblioteca. Lembra que o carné é persoal e intransferible polo que se poderá pedir calquera documento acreditativo da identidade do usuario (DNI, Pasaporte ...)

-Solicítalo no mostrador do 2º andar, na sala de consulta.

-Cumprimentar o impreso para o préstamo de obxectos 3D e asinar un acta de entrega.

* O aparato préstase con funda e cable USB para transferencia de datos e carga da batería.

Só se presta 1 lector electrónico por usuario.

* Se usas o préstamo en sala quedaremos co teu carné mentres teñas o lector electrónico.

Terás que devolver o lector electrónico nas mesmas condicións en que o levaches.

Canto tempo podo ter o lector electrónico?

Préstamo dentro da biblioteca: 1 día como máximo. Terás que devolvelo 1 hora antes do peche.

Préstamo a domicilio: 23 días non renovables.

Como podo engadir novos arquivos ao Bq- Avant 3?

Conecta o aparato acendido a un ordenador empregando o cable USB. Unha vez


conectado, aparecerá na pantalla do ordenador unha unidade de almacenamento USB cunha serie de carpetas. Copia os arquivos de lectura na carpeta Ebooks ou na carpeta Digital editions igual que fas con calquera dispositivo de almacenamento extraíble.

Plataforma de préstamo GaliciaLe

GaliciaLe, a plataforma de préstamo de libros electrónicos das bibliotecas públicas galegas, proporciona unha oferta de case 2000 títulos (novidades, literatura contemporánea, ciencia, arte, tecnoloxía etc.) entre os que o usuario/a poderá escoller para fornecer o dispositivo que leve en préstamo.

Lector electrónico

Datos físicos do Avant 3:



Botón de acendido: Pulse o botón de acendido durante uns segundos ata que o dispositivo se acenda.

Para apagalo pulse este botón e prema despois a icona de apagado.

Para entrar en modo repouso, pulse o botón de acendido e prema a icona de repouso. Pulse o botón novamente para reanudar a lectura.

Botón de refresco: Recarga a páxina actual de lectura co fin de borrar da pantalla posibles restos doutras páxinas en lecturas prolongadas.

Botón Menú: Mostra o menú principal de opcións.

Botón Atrás: Volve á última páxina vista ou ó menú principal na pantalla de inicio.

Botón Anterior: Volve á páxina anterior no modo lectura.

Botón Siguiente: Vai á páxina seguinte no modo lectura.

Pantalla táctil: A pantalla táctil permítelle realizar accións tocando directamente sobre ela.